

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 21 de xuño de 2013 pola que se dá publicidade á campaña de vixilancia periódica da saúde para o persoal non docente destinado en centros educativos non universitarios dependentes desta consellería.

De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario garantiralles aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.

O Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no seu artigo 6.2.4, atribúelle ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais cantas funcións deriven das leis de prevención de riscos laborais e dos seus regulamentos de desenvolvemento.

Con base no antedito, anúnciase esta campaña de vixilancia da saúde, de acordo coas seguintes premisas:

1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Prestación do servizo de vixilancia da saúde ao persoal non docente destinado en centros educativos públicos non universitarios, en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, conforme o disposto no artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais.

2. Inscripción.

A inscrición previa realizarase no formulario de petición de recoñecemento voluntario que estará dispoñible nas secretarías de todos os centros educativos.

A inscrición debe incluír todos os datos que figuran no formulario. A falta dalgún deles impedirá a tramitación da solicitude.

O prazo de inscrición rematará transcorridos vinte días a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, agás para o persoal de nova incorporación e o persoal que se incorpore ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde.



3. Citacións.

A falta de asistencia á cita implicará, agás causa de forza maior debidamente xustificada perante o Servizo de Prevención de Riscos Laborais no prazo de cinco días, que o/a traballador/a renuncia ao recoñecemento médico de forma voluntaria.

4. Resultados e entrega dos informes de vixilancia da saúde.

Os resultados médicos serán subscritos polo facultativo competente, teñen carácter persoal e reservado, e a entrega farase en sobre pechado a cada traballador/a.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2013

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

